

EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 17 DE ABRIL DE 2018.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventor:

D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

Ausentes:

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 16/2018 DE DATA 9 DE ABRIL DE 2018.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 16/2018 do día 9 de abril de 2018.

2.- EXPEDIENTE 4750/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para canalización de liña eléctrica en Anzo - Lalín.

3.- EXPEDIENTE 155/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES.

Acordouse corrixir o erro material no informe do técnico municipal, que foi transcrito no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 18 de decembro de 2017 (punto 12 da acta – licenza de segregación–exp. 155/2017).

4.- EXPEDIENTE 6045/2017. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN para vivenda na rúa C, 19 – 2º C - Lalín.

5.- EXPEDIENTE 1035/2018. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para reparación de cuberta de vivenda na estrada EP6002 Botos-Mouriscade núm. 54 esquerda, parroquia de Botos-Lalín.

6.- EXPEDIENTE 4772/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a conservación e mantemento dunha cuberta sita na Avda. Buenos Aires, 132-Lalín.

7.- EXPEDIENTE 730/2018. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse proceder á devolución da garantía fianza depositada como garantía da obra de canalización de 12 m. en pista de Cerredo-Catasós). Importe: 100 € (nº operación 201625461).

8.- EXPEDIENTE 5910/2017. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.

Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para granxa porcina ampliada en Liñares-Prado- Lalín.

9.- EXPEDIENTE 772/2018. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.

Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 6 de marzo de 2018 sobre información dun deslinde en Pedrouzos-Moneixas-Lalín.

10.- EXPEDIENTE 928/2018. REPOSICIÓN Á LEGALIDADE DE ACTUACIÓNS EN CURSO DE EXECUCIÓN SEN TÍTULO HABILITANTE OU ORDE DE EXECUCIÓN OU SEN ADAPTARSE ÁS SÚAS CONDICIÓN.

Acordouse aprobar o INFORME XURÍDICO RELATIVO ÁO PRECINTADO DE OBRAS OBXECTO DE PROCEDIMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE (exp. 928/2018).

11.- EXPEDIENTE 1972/2018. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

Quedou pendente para un mellor estudo.

12.- EXPEDIENTE 1110/2018. CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Acordouse aprobar o texto das bases de subvencións a asociacións ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actuacións no ámbito dos servizos sociais para o exercicio 2018.

13.- EXPEDIENTE 2058/2018. RELACION DE FACTURAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00021 por importe de 221.368,71 €.

14.- EXPEDIENTE 2039/2018. ALTA PADRÓN VADOS 2018 EN RÚA DO RODO, 22 BAIXO.

Acordouse autorizar a alta na Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do vado permanente núm. 719.

15.- EXPEDIENTE 2038/2018. ALTA PADRÓN VADOS 2018 EN RÚA POLIDEPORTIVO, 9 BAIXO ESQUERDA.

Acordouse autorizar a alta na Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do vado permanente núm. 720.

16.- EXPEDIENTE 879/2018. SOLICITUDE TARXETA DE APARCAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA LUÍS FERNÁNDEZ PRESAS.

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 04/2018 con carácter provisional ata o 16/04/2019.

17.- EXPEDIENTE 1299/2018. SOLICITUDE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PERSOAS CON MINUSVALÍA ALFONSO GRANJA JÁCOME.

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 05/2018 con carácter provisional ata o 16/04/2019.

18.- EXPEDIENTE 2073/2018. SOLICITANDO AUTORIZACIÓN PARA CONEXIÓN O SUBMINISTRO DE AUGA PÚBLICA.

Quedou pendente para un mellor estudo.

19.- EXPEDIENTE 1695/2017. EXPEDIENTE DE ORDE DE EXECUCIÓN.

Acordouse aprobar o INFORME XURÍDICO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTO DE ORDE DE EXECUCIÓN (exp. 1695/2017).

20.- EXPEDIENTE 1029/2018. EXPEDIENTE DE INMATRICULACIÓN DE FINCAS COLINDANTES VÍA PÚBLICA.

Acordouse aprobar o informe do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas de data 13 de abril de 2018 INMATRICULACIÓN DE FINCAS COLINDANTES VÍA PÚBLICA. RODELAS.

21.-EXPEDIENTE 3798/2017. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DO IMPORTE AMPLIADO DA SUBVENCIÓN PARA "MELLORA DO CAMIÑO EN PAREIZO-GOIÁS". PLAN CONCELLOS 2016.

Dáse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra de data 12 de abril de 2018, número de rexistro de entrada 2745, Plan Concellos 2016 polo que se concede unha subvención ao Concello de Lalín na actuación "*MELLORA DO CAMIÑO EN PAREIZO-GOIAS*" (EXP. 2017038255) por importe de **1.295,39 euros** para a que a Deputación Provincial de Pontevedra xa lle outorgará unha subvención por importe de 21.281,82 euros.

A Xunta de Goberno Local que dou enterada do mesmo.

22.- EXPEDIENTE 1142/2018. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PARA ACONDICIONAMENTO DE ZONAS DE ESPAREXEMENTO NA RÚA CARBALLEIRA DA BOTICA, FONTE SANGUIÑA E PARKING ALDEA GRANDE. PLAN CONCELLOS 2017.

Dáse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra de data 13 de abril de 2018, número de rexistro de entrada 2771, Plan Concellos 2017 polo que se concede unha

subvención ao Concello de Lalín na actuación “**ACONDICIONAMENTO DE ZONAS DE ESPAREXAMENTO NA RÚA CARBALLEIRA DA BOTICA, RÚA FONTESANGUIÑA E PARKING ALDEA GRANDE**” (EXP. 2018007002) por importe de 79.057,85 euros.

A Xunta de Goberno Local que dou enterada do mesmo.

23.- EXPEDIENTE 2084/2018. SOLICITUDE ENTRADA DE 3 VEHÍCULOS NA PRAZA DE IGREXA O 16 DE XUÑO DE 2018 POR CELEBRACIÓN MATRIMONIAL.

Acordouse conceder autorización municipal para a entrada de 3 vehículos na Praza da Igrexa de Lalín o día 16 de xuño de 2018, sobre as 13:00 horas con motivo da celebración matrimonial.

24.- EXPEDIENTE 2083/2018. SOLICITUDE REALIZACIÓN REPORTAXE FOTOGRÁFICO NO PAZO DE LIÑARES O 16 DE XUÑO DE 2018.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso do Pazo de Liñares para unha reportaxe fotográfica o día 16 de xuño de 2018, as 14:00 horas por motivo da celebración matrimonial.

25.- EXPEDIENTE 2082/2018. SOLICITUDE DO PAVILLÓN VELLO DE CEMENTO OU O CAMPO DA FEIRA NOVO, PARA UNHA EXPOSIÓN DE CANS.

Acordouse conceder autorización municipal para a concesión dun local no pavillón municipal de cemento ou de non ser posible o Campo da Feira Novo de Lalín para as ditas actividades.

26.- EXPEDIENTE 2085/2018. SOLICITUDE DE ESPAZO PARA A REALIZACIÓN DE PARTIDOS DE FÚTBOL.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso dun espazo no pavillon para a realización de partidos de fútbol os mércores

sobre as 21:00 horas ás 22:00 horas de forma lúdica, pagando o correspondente pola súa utilización.

27.- EXPEDIENTE 2081/2018. SOLICITUDE USO ALBERGUE DE MOURISCADE.

Quedou pendente para un mellor estudo.

28.- EXPEDIENTE 2086/2018. SOLICITUDE PARA O USO DO PAVILLÓN MUNICIPAL.

Este punto retirouse da orde do día porque xa estar resolto mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de marzo de 2018, punto 14.

29.- EXPEDIENTE 2136/2018. SOLICITUDE PARA PERNOCTAR NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES.

29.1.- Dáse conta do escrito envidado solicitando autorización municipal para aloxarse no Pavillón Polideportivo cun grupo de 70 persoas, con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela, chegando á mañá do día 4 de xullo de 2018 e saíndo o día 5 de xullo de 2018.

29.2.- Dáse conta do escrito enviado solicitando autorización municipal para aloxarse no Pavillón Polideportivo cun grupo de 55 persoas o día 7 de xullo de 2018 e cun grupo de 55 persoas o día 8 de xullo de 2018, con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:10 horas do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Xeral, dou fe.

